



**Nota de prensa**

**Nova mostra de solidariedade**

## **EROSKI E OS SEUS CLIENTES RECADAN MÁIS DE 1.000 TONELADAS DE ALIMENTOS A PROL DOS BANCOS DE ALIMENTOS**

- **Nesta edición da tradicional Gran Recollida os clientes fixeron doazóns físicas e económicas de alimentos entre o 24 de novembro e o 3 de decembro**
- **O importe económico recadado permitiralles aos Bancos de Alimentos adquirir produtos para a alimentación de centos de familias durante todo o ano**
- **EROSKI colabora dende hai máis de 25 anos coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)**

**Elorrio, 18 de decembro do 2023.-** [EROSKI](#) e os seus clientes doaron máis de 1.000 toneladas de alimentos a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) na súa campaña solidaria da Gran Recollida que tivo lugar entre o 24 de novembro e o 3 de decembro en máis de 1.000 establecementos da súa rede comercial. A cifra equivale a 4,1 millóns de comidas para alimentar a 1.140 familias nun ano.

Coma noutras ocasións, levouse a cabo mediante a dobre modalidade de doazón: a entrega física tradicional de produtos os días 24 e 25 de novembro e, durante toda a acción, as doazóns económicas polo importe que os consumidores desexasen ao pasaren por caixa. Estas achegas quedan á disposición dos Bancos de Alimentos para adquiriren os produtos que consideren máis convenientes para cubriren as necesidades básicas de alimentación das familias en situación de vulnerabilidade durante todo o ano. Coma en anteriores campañas, EROSKI engadiu unha doazón adicional ao total recollido na campaña, que se suma ás achegas que fai anualmente a fins sociais e que ascenden a máis de 10 millóns de euros.

*"Un ano máis, queremos agradecer aos nosos clientes a xenerosidade e o apoio mostrado aos colectivos máis necesitados. En EROSKI temos un compromiso coa sociedade no que a acción solidaria coas persoas en situación de vulnerabilidade alimentaria ocupa un lugar destacado. Por iso, desde EROSKI un ano máis trasladámoslle o noso apoio ao labor que realizan os Bancos de Alimentos*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación  
Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



sumando unha achega adicional sobre o total da doazón realizada polos clientes", afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL nunha situación na que moitas familias afrontan dificultades para cubriren as súas necesidades básicas de alimentación. Grazas a esta campaña continuaremos co noso labor de lles distribuír durante todo o ano produtos aos colectivos máis desfavorecidos a través das entidades benéficas coas que colaboramos", sinala o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Francisco Greciano.

### **Máis de 25 anos colaborando cos Bancos de Alimentos**

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Naceron así ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de produtos que están próximos á súa data de caducidade ou de consumo preferente, pero que se atopan en perfectas condicións de consumo. Grazas a este programa diario de desperdicio cero, doa cada ano máis de 3.600 toneladas de alimentos e de produtos básicos a Bancos de Alimentos e a outras entidades sen ánimo de lucro.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que lle outorga a Federación Española de Bancos de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)